



Asunto: Resposta á solicitude con numero de rexistro 2023/1602680 sobre as funcións do profesorado da especialidade Orientación Educativa

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa recibiu o 06.06.2023 unha solicitude, con número de rexistro 2023/1602680, realizada por Xesús Antón Bermello García como secretario nacional de CIG-Ensino, sobre as funcións do profesorado da especialidade de Orientación Educativa tras a publicación do Real decreto 286/2023, de 18 de abril, polo que se regula a asignación de materias en educación secundaria obrigatoria e en bacharelato ás especialidades de distintos corpos de funcionarios docentes, e se modifican diversas normas relativas ao profesorado de ensinanza non universitarias.

O Real decreto 286/2023, de 18 de abril, no seu artigo 2.4 establece que "o persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario da especialidade «Orientación educativa» realizará tarefas de orientación e, ademais, poderá desempeñar docencia conforme ao previsto no anexo I".

Nese anexo, asígnaselle á dita especialidade a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional, que tamén é asignada ao profesorado da especialidade de Economía e da especialidade de Formación e Orientación Laboral. Tamén se recolle que nos centros nos que exista profesorado da especialidade de Economía, de Formación e Orientación Laboral, e de Organización e Xestión Comercial se seguirá esta orde de prelación para impartir a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional.

Ademais o anexo informa a través dunha nota que cando unha materia estea asignada a varias especialidades, a orde de prelación na adxudicación determinarana as administracións educativas no seu ámbito de competencia ou, no seu defecto, a asignación que realicen os centros na súa programación xeral anual.

Estes aspectos recollidos no real decreto teñen carácter básico e, polo tanto, son de aplicación na regulación das administracións educativas.

Por outra banda, as funcións dos departamentos de orientación e das súas xefaturas nos centros educativos galegos están establecidas nos artigos 6 e 7 do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Nestas funcións non se recolle a docencia directa, nin a atribución docente en ningunha área ou materia ao profesorado da especialidade de Orientación Educativa.

Tendo en conta este marco normativo, debe interpretarse que a orde de prelación para impartir a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional é a determinada polo Real decreto:

- 1º. Profesorado da especialidade de Economía.
- 2º. Profesorado da especialidade de Formación e Orientación Laboral.
- 3º. Profesorado da especialidade de Organización e Xestión Comercial.

E terase en conta que no caso da especialidade de Orientación, no sistema educativo galego as competencias e as funcións das orientadoras e os orientadores que lle son atribuídas na normativa deben ser desempeñadas en todo o seu horario lectivo polo que non se pode contemplar que





exista un horario dispoñible na súa xornada de traballo para poder impartir unha materia e as funcións asociadas á impartición da mesma.

En conclusión, na Comunidade Autónoma de Galicia na asignación da materia Formación e Orientación Persoal e Profesional non existe posibilidade horaria para que o profesorado da especialidade de orientación poida impartir a dita materia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

